

## *Xoán de Cangas*

*Xoán ou Johán de Cangas* considérase un xograr- acaso un segrel- situado a finais do século XIII, ou comezos do XIV; a súa obra destaca por incorporar elementos popularizantes, que destacan pola perfección formal, con alusións á toponimia galega; deste trovador conserváanse tres composicións -subxénero das cantigas de romaría- e que fan referencia ó santuario de San Mamede, situado na parroquia de Beluso (Bueu), ó pé da ría de Pontevedra. Estas composicións conserváanse no Cancioneiro da Biblioteca Nacional e máis no cancioneiro da Vaticana.

A Johán de Cangas dedicóuselle o Día das Letras Galegas de 1998, xunto con outros dous trovadores medievais: Mendinho e Martin Codax.



Johán de Cangas é sen dúbida o máis descoñecido destes nosos autores celebrados en 1998. Del só sabemos, basicamente polo seu alcume, a súa orixe canguesa e pola referencia, constante, do Santuario de San Mamede, na parroquia de Beluso, en tempos do concello de Cangas e que hoxe pertence a Bueu. Fronte ó habitual en todo o conxunto trovadoresco, Joham de Cangas non constrúe as súas composicións arredor do recurso do leixa-prém e si adquiren os

seus poemas certas temáticas que lle confiren a catalogación de Cantigas de romaría, onde o namorado prega unha cita nun santuario, cita á que non vai asistir diante da desesperación da amada que chora coa súa mai, para finalmente concertar unha segunda reunión na que ela, asegura, se ha amosar compracente: *"hajades comigo lezer"*.

Tendo en conta os trazos das creacións de Johán de Cangas, situadas entre as dos xograres galegos Golparro e Martin de Ginzo (outro feito que apoia o argumento da súa orixe galega), os seus estudosos encadrárono na nómina de poetas que, malia non presentar características formais relevantes, lle ofreceron á poesía medieval galega composicións representativas dun xénero que daquela estaba en plena vixencia.

Xunto con Mendinho e Martin Codax, Johán de Cangas representa a eclosión creativa que estoura en Galiza nun momento, o período trobadoresco, no que o galego-portugués agromaba interna e externamente coa consolidación do seu léxico primeiro.

*Amigo, se mi gram ben queredes  
id´a San Mamed´e veer-m´edes  
oje non mi mençades, amigo.  
Pois mi aqui ren non podedes dizer,  
id´u ajadas comigo lezer:  
oje non mi mençades amigo.  
serei vosqu´en San Mamede do Mar,  
na ermida, se mi-o Deus aguisar:  
oje non mi mençades, amigo.*

*En san Mamed´u sabedes  
 que vioste-lo meu amigo  
 oj´e ouverá seer migo:  
 mia madre, ié que devedes.  
 Leixedes-mi-o ir veer.  
 O que vistas esse dia  
 andar por mi mui coitado  
 chegou-m´ora seu mandado:  
 madre, por Santa Maria  
 leixades-mi-o ir veer.  
 Pois el foi d´atal ventura  
 que sofreu tan muito mal  
 por mi e ren non lhi val.  
 mia madre, e por mesura  
 leixades-mi-o ir veer.  
 Eu serei por el coitada  
 pois el é por mi coitado:  
 se de Deus ajades grado,  
 madre ben aventurada  
 leixedes-mi-o ir veer.*

*Fui eu madr´ a San Mamedd´u me cuidei  
 que veess´o meu amigu´e non foi i:  
 por mui fremossa que triste m´en parti  
 e dix´eu como vos agora direi:  
 pois meu amigu´i non ven, sei na ren:  
 por mi se perdeu, que nunca ibi fiz ben.  
 Quand´eu a San mamede fui e non vi  
 meu amigo con quen quisera falar,  
 a mi gram sabor, nas ribeiras do mar  
 sospirei no coraçon e dix´assi:  
 pois meu amigu´i non ven, sei na ren:  
 por mi se perdeu, que nunca ibi fiz ben.*